

## **Título IV**

### **DA ACTIVIDADE DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS**

#### **Capítulo I**

##### **Normas xerais**

#### **Artigo 35. Dereitos dos cidadáns.**

Os cidadáns, nas súas relacións coas administracións públicas, teñen os seguintes dereitos:

- a) A coñecer en, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos nos que teñan a condición de interesados, e a obter copias de documentos contidos neles.
- b) A identificaren as autoridades e o persoal ao servizo das administracións públicas que teñan baixo a súa responsabilidade a tramitación dos procedementos.
- c) A obter copia selada dos documentos que presenten, achegándoa xunto cos orixinais, así como á devolución destes, agás cando os orixinais deban constar no procedemento.
- d) A empregaren as linguas oficiais no territorio da súa comunidade autónoma, de acordo co previsto nesta lei e no resto do ordenamento xurídico.
- e) A formularen alegacións e a achegaren documentos en calquera fase do procedemento anterior ao trámite de audiencia, que o órgano competente deberá ter en conta ao redactar a proposta de resolución.
- f) A non presentaren documentos non esixidos polas normas aplicables ao procedemento de que se trate, ou que xa se encontren en poder da Administración actuante.
- g) A obter información e orientación acerca dos requisitos xurídicos ou técnicos que as disposicións vixentes lles impoñan aos proxectos, actuacións ou solicitudes que se propoñan realizar.
- h) A accederen aos rexistros e arquivos das administracións públicas nos termos previstos na Constitución e nesta ou outras leis.
- i) A seren tratados con respecto e deferencia polas autoridades e funcionarios, que deberán facilitarlles o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento

das súas obrigas.

I) A esixiren a responsabilidade das administracións públicas e do persoal ao seu servizo cando así corresponda legalmente.

II) Calquera outro que lles recoñeza a Constitución e as leis.  
a validez do procedemento, dada a súa transcendencia, mentres

### **Artigo 36. Lingua dos procedementos.**

1. A lingua dos procedementos tramitados pola Administración xeral do Estado será o castelán. Non obstante o anterior, os interesados que se dirixan aos órganos da Administración xeral do Estado con sede no territorio dunha comunidade autónoma poderán utilizar tamén a lingua que sexa cooficial nela.

Neste caso, o procedemento tramitarase na lingua elixida polo interesado. De concorreren varios interesados no procedemento e existir discrepancia en canto á lingua, o procedemento tramitarase en castelán, se ben os documentos ou testemuños que requiran os interesados se expedirán na lingua elixida por eles.

2. Nos procedementos tramitados polas administracións das comunidades autónomas e das entidades locais, o uso da lingua axustarase ao previsto na lexislación autonómica correspondente.

3. A Administración pública instrutora deberá traducir para o castelán os documentos, expedientes ou partes deles que deban producir efecto fóra do territorio da comunidade autónoma e os documentos dirixidos aos interesados que así o soliciten expresamente. Se deben producir efectos no territorio dunha comunidade autónoma onde sexa cooficial esa mesma lingua distinta do castelán, non será precisa a súa tradución.